

Crónica IV Encontro de Veteranos Memorial D. Antonio Santorio

Os días 24 e 25 de Xullo, sábado e domingo, nas instalacións de Ureca celebrouse o 1º Memorial de A. Santorio de Tenis de Veteranos.

O sábado, ás 10h, tivo lugar no club a recepción ós participantes por parte da organización do evento e a entrega dun amplo dossier no que se explicaba polo miúdo o desenvolvemento do mesmo.

6 equipos comezaron as xornadas, clasificándose os 2 primeiros de cada grupo para xogar as semifinais cruzadas: 1º contra 2º. Os gañadores xogarían o domingo ás 16h a final.

Había representación de: Ureca, Cluteca, Mercantil de Vigo, Náutico de Vigo, Punta Salera, Nigrán, Boiro e Club Tenis a Coruña.

Cada enfrontamento constaba de 3 individuais masculinos: + 45 e + 55, 2 individuais femininos, un dobre masculino e un dobre mixto.

O calor tanto ó longo do sábado como na xornada do domingo foi asfixiante; pero a competitividade, o afán de gañar e especialmente a convivencia fixeron que fosen unhas xornadas distendidas e sobor de todo amenas.

Rematada , o sábado, a fase de clasificación e xa pola noite, ás 22h tivo lugar o acto central da xuntanza: unha cea que estivo presidida polo Presidente da Feración, D. J.Luis Ameneiro e a familia de Antonio, a súa dona e mailos fillos. A medianoite procedeuse á entrega dunha placa conmemorativa e do trofeo do campión á Muller de Antonio. Dita entrega foi feita por Paco e Villar, 2 compañeiros de Antonio, 2 xogadores de dobres con él e especialmente: 2 amigos. Ámbolos 2 fixeron unha evocación de Antonio como persoa, da súa amizade, falando dende o corazón.

Ó día seguinte proseguiu a competición, rematando a xornada da mañán ó redor das 15h. Logo dunha comida reparadora e xa pola tarde levouse a cabo a final, baixo un sol de xusticia que nos acompañara ó longo dos 2 días. O de menos foi o resultado. Tratábase dunhas xornadas de contacto e convivencia- deportiva; pero non por eso imos deixar de suliñar: A técnica de Clemen, a garra de Bandín, o amor propio de Ana, o “toque” só nas deixadas de Luis, a “retranca de Manolo e Joaquín”, o saber estar de Paco (especialmente no dobre). Qué decir de Andrés, José Mª, Cándido (coa súa socarrona sonrisa), Losada, en fin.. tod@s puxemos o noso grán de area e a organización o resto, que foi moito.

A tod@s e por todo

GRAZAS

Carlos González